



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 754 Semana do 30 de outubro ao 5 de novembro de 2017

**PARA UGT-GALICIA, ALGO ESTÁ FALLANDO NUNHA ECONOMÍA QUE MEDRA A UN RITMO DO 3,2% PERO MANTÉN UNHA FONDA CRISE DE EMPREGO**

## OS GOBERNOS, CENTRAL E GALEGO, FÍAN A CREACIÓN DE EMPREGO Á ESTACIONALIDADE

**Redacción.-** Os datos do paro feitos públicos hoxe, cun incremento do 1 por cento en Galicia, 1.846 persoas máis en situación de desemprego en outubro en relación a setembro, evidencian que a débil recuperación do emprego está relacionada con actividades estacionais e temporais, moi ligados a trimestres como os do verán.

Así, hai en Galicia un total de 185.903 persoas en situación de desemprego. No resto do Estado o paro incrementouse nun 1,7 por cento con 3.467.026 persoas no paro.

En relación ás cifras rexistradas hai un ano, o paro baixa un 6,6 por cento en Galicia, de xeito menos acusado que no resto do Estado, onde descende un 7,9 por cento.

Por sexos, as mulleres representan o 57,2 por cento do total das persoas desempregadas, a pesar de que no mes medrou máis o paro entre os homes, un 1,6 por cento, fronte ao 0,6 por cento entre as mulleres. Aínda así, a realidade é evidente, 79.574 homes en situación de desemprego, fronte a 106.329 mulleres. A discriminación por sexo perdura e faise máis evidente na análise da evolución do desemprego interanual, cando se observa que o paro cae entre os homes nun 9,9 por cento e entre as mulleres só o fai nun 3,9 por cento.

Xunto coas mulleres, os máis mozos tamén son os grandes prexudicados da debilidadade do mercado laboral galego. De feito, o paro no mes entre os menores de 25 anos subiu nun 5,1 por cento, moi por enriba do que sucede no conxunto de idades. E, en relación a hai un ano, a evolución tamén é totalmente contraria ao conxunto de idades. O paro medra no caso dos menores de 25 anos nun 4,1 por cento.

Por sectores de actividade, o paro medra no mes en todos, salvo na construción, onde cae un 2 por cento, e no colectivo de sen emprego anterior, onde baixa un 0,4 por cento. En termos relativos o maior aumento dáse no sector primario, cunha suba dun 4,1 por cento. En termos absolutos a maior suba rexístrase nos servizos, con 1.768 persoas paradas

máis, dado o maior peso da terciarización da economía.

Os datos de contratación evidencian que as empresas galegas seguen facendo maioritariamente contratos de carácter temporal, abusando claramente desta modalidade de contratación. Todo isto, a pesar de non ser outubro un mes que se caracterice pola estacionalidade. De feito, en outubro ratificáronse 94.870 contratos para un mercado laboral de tan só 989.904 afiliados á Seguridade Social. Isto evidencia unha excesiva rotación na contratación que sempre leva consigo precariedade e temporalidade. Ademais, de todos os contratos asinados, tan só o 8,4 por cento tiveron un carácter indefinido.

Pero é que a precariedade non afecta tan só aos que traballan, os que están no desemprego tamén son vítimas dun sistema de coberturas que xa non os protexe. En setembro de 2017 (último dato dispoñible) o número de beneficiarios de prestacións era de 83.972 persoas, 6.843 menos que hai un ano.

A taxa de cobertura é de 50,1 puntos, deixando fóra do sistema de protección a 100.085 persoas en situación de desemprego. Neste senso, UGT-Galicia denuncia que existe un forte diferencial entre as taxas de cobertura do Estado, de 54,8 puntos, e a galega, que apenas supera os 50.

Pero é que, ademais de estar ante taxas de cobertura insuficientes, as existentes son cada vez máis precarias. Tan só 34.687 beneficiarios, o 41,3 por cento, perciben unha prestación contributiva. O resto perciben prestacións de carácter asistencial, ben sexa un subsidio (37.732 persoas); renda activa de inserción (9.800 persoas) ou beneficiarios dun programa de activación do emprego (1.753 beneficiarios).

É evidente que as contías nestes últimos casos son certamente precarias e moi por de-



baio das que perciben os beneficiarios de prestacións contributivas. Aínda que neste caso en Galicia tamén son certamente baixas, cunha media de 776,9 euros ao mes.

Neste mes tampouco son bos os datos de afiliación á Seguridade Social. 989.904 cotizantes, caendo en 2.356 nos mes, un 0,2 por cento. Evolución contraria ao resto do Estado, onde aumenta un 0,51 por cento. No ano medra en Galicia nun 1,9 por cento pero, unha vez máis, por debaixo do Estado, onde sube nun 3,46 por cento.

Para UGT-Galicia, resulta evidente que son moitas as cousas que están a fallar nunha economía que medra a un ritmo do 3,2 por cento, algo que contrasta coas cifras que se veñen de analizar que evidencian que se mantén unha fonda crise do emprego. O Sindicato denuncia unha vez máis que a recuperación non chega ás persoas traballadoras, non chega aos fogares. E, mentres isto non suceda, non se poderá falar de recuperación real, tan só de recuperación macroeconómica.

Neste contexto, urxe un diálogo xa cos interlocutores sociais para deseñar un verdadeiro plan de choque polo emprego, con recursos adicionais para a protección das persoas desempregadas maiores de 50 anos, ao tempo que debería aumentar a partida de políticas activas que melloren a empregabilidade e a inserción dos traballadores.

Hai que acadar un plan que impulse a creación de emprego estable e con dereitos e aumente a protección dos desempregados, co fin de que a recuperación sexa real e duradeira para as familias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## PEPE ÁLVAREZ VISITA GALICIA OS DÍAS 7 E 8 DE NOVEMBRO

*Participará en varias asembleas, visitará Chandebrito (Nigrán) e manterá unha reunión de traballo coa Executiva de UGT-Galicia*

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, estará en Galicia os días 7 e 8 de novembro onde participará en diversos actos organizados polo Sindicato.

O día 7, pola mañá, participará na sede de UGT-Galicia nunha xuntanza cos traballadores do servizo de extinción de incendios. Xa pola tarde, a partir das 16.30 horas visitará no Concello de Nigrán o lugar de Chandebrito, onde manterá unha xuntanza con aso-

ciacións forestais e afectados polos lumes. Tratará de coñecer de primeira man o que aconteceu na última catástrofe que asolagou Galicia pola vaga de lumes.

### Asemblea de delegados

Ao día seguinte, o 8, a partir das 10.30 horas participará na asemblea de delegados procedentes de toda Galicia que terá lugar no Cersia, en San-

tiago, convocada por UGT-Galicia. Nesta xuntanza tamén participarán, ademais de Pepe Álvarez, o secretario xeral de UGT-Galicia e os responsables das federacións.

Xa pola tarde, nun eido máis interno, celebráranse na sede de UGT-Galicia reunións de traballo nas que participarán a Comisión Executiva Confederal, a Executiva de UGT-Galicia e as federacións estatais e de nacionalidade.

## ACORDO DE REACTIVACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL PARA TODOS OS TRABALLADORES DO SERGAS

*Continuará a loita polas restantes reivindicacións, a recuperación salarial e de dereitos roubados coa Lei 1/2012*

**Redacción.-** Despois da reunión mantida o pasado venres entre o Comité de folga, do que FeSP-UGT forma parte, e o Sergas chegouse a un acordo de reactivación da carreira profesional para todos os traballadores do Sergas.

Por primeira vez, dende o ano 2009, fíxase un calendario de negociación que abarca as bases da carreira profesional en réxime ordinario para todas as categorías de persoal do Sergas, suspendidas unilateralmente pola Xunta no 2009.

Ademais, prevese o abono do complemento de carreira asociado a cada grao e, o que é máis importante, a todas as categorías de persoal.

Tamén se aproba un sistema transitorio de encadre, co que na práctica conséguese que todas as persoas traballadoras do Sergas que teñen pendente de consolidar algún grao no réxime extraordinario poidan facelo no segundo semestre de 2018 e empezar a cobralo no ano 2019.

Non obstante, FeSP-UGT aclarou, en rolda de prensa, que a



partir de agora toca seguir traballando e negociando pola recuperación do acordo retributivo 2008-2012, homologar as condicións de traballo e retributivas dos traballadores de atención primaria, recuperar o abono do 100 por cento en IT e progresar na estabilidade do emprego, plasmado este fin no acordo asinado polas organizacións sindicais coa Xunta, que reducirá a taxa de temporalidade.


Queda moito por facer e FeSP-UGT non renuncia a nada. Non obstante, UGT, xunto con SATSE, SAE, CSIF e CCOO, decidiron neste momento dar prioridade ao acordo alcanzado coa posibilidade de abrir novas vías de diálogo co Sergas para pechar as reivindicacións pendentes e descolgarse da convocatoria de folga.

## A análise en Vigo a situación do convenio da seguridade privada

**Redacción.-** Este xoves a sede de UGT-Vigo acolleu unha asemblea de delegados e traballadores do sector da seguridade privada na que se analizou o punto no que se encontran as negociacións do convenio privado do sector.



## XXII Encontro sindical da muller en Vigo



## EXCUSAS EMPRESARIAIS PARA PARALIZAR O CONVENIO COLECTIVO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

**Redacción.-** FeSMC-UGT informa que tivo lugar unha reunión de negociación do IV Convenio colectivo estatal de instalacións deportivas e ximnasios.

UGT manifesta a súa desconformidade co posicionamento de FNEID (Federación Nacional de Empresarios de Instalacións Deportivas) en relación á inclusión no convenio dun novo articulado que regule a compensación e absorción de salarios.

O que eles consideran como un escollo insalvable nós interpretámolo

como unha excusa máis, por parte dos empresarios, para atrasar a firma do devandito convenio.

En ningún caso esta organización vai aceptar que os incrementos salariais xa pactados sufran unha inaplicación para a gran maioría dos traballadores e traballadoras do sector como consecuencia, ao noso xuízo, dunha inadecuada conduta empresarial.

Outro dos principais escollos da parte empresarial é a negativa para incorporar no convenio as propostas

realizadas polas organizacións sindicais consistentes na adopción de novas recomendacións, protocolos e medidas en materia de seguridade e saúde laboral, dotando desta forma dunha maior protección ás mulleres embarazadas, e protexendo máis ampla e eficazmente a seguridade de clientes e traballadores.

Actualmente, está prevista unha nova reunión nas próximas semanas. Confiamos para entón atopar unha solución que poña fin dunha vez por todas a case dous anos de negociación.

## AS MULLERES EN ESPAÑA TRABALLAN GRATIS DESDE O 8 DE NOVIEMBRE ATA FINAL DE AÑO

**Redacción.-** A Comisión Europea deu a coñecer esta semana a brecha salarial no conxunto da Unión Europea, que pon de manifesto que desde o 3 de novembro e ata final de ano as mulleres europeas traballamos gratis. E iso é así a pesar de que a brecha no conxunto dos 28 países da Unión Europea pasou de ser do 16,7 con datos do ano pasado ao 16,3 segundo os últimos datos publicados.

No caso de España, a brecha salarial en salario hora que nos proporciona a mesma fonte estatística europea EUROSTAT, a brecha permanece invariable nun 14,9 %, polo que con datos sobre o noso país, as traballadoras en España, traballan gratis desde o día 8 de novembro ata final de ano do mesmo xeito que o ano pasado.

En España triplicamos as brechas salariais de Italia, Luxemburgo e Romanía, e por tanto traballamos o triplo de días gratis que as traballadoras luxemburguesas, italianas e romanesas.

UGT esixe unha Lei de igualdade salarial e, por segundo ano consecutivo, lanzamos a campaña "EU TRABAJO GRATIS", que levará a cabo desde o día 8 de novembro ata final de ano, co fin de concienciar en primeiro lugar a todos os traballadores e traballadoras, acerca desta discriminación por razón de sexo, que ten unha repercusión severa nos salarios da mulleres e que vai acentuarse máis aló da súa vida de laboral, durante a súa etapa de xubilación, provocando nunha elevada porcentaxe de mulleres que tiveron un emprego ao longo de toda a súa vida, un elevado índice de situarse por baixo dos limiares de pobreza.

A Unión Xeral de Traballadores realiza un chamamento ao Goberno para que active todos os mecanismos posibles para facer cumprir a Constitución Española nos seus artigos 14 e 9, xa que do seu cumprimento derivase a igualdade salarial entre mulleres e homes. E esixe que cumpra coas Recomendacións da Comisión Europea nesta materia, en concreto coa introdución na nosa lexislación da definición de "traballo de igual valor".

Chamamos tamén a atención aos partidos políticos para que se somen a esta reclamación histórica de UGT, que loita para eliminar as diferenzas salariais, entre mulleres e homes e que intensificou no últimos dez anos, ante a inexistencia de políticas de igualdade que impide que se avance na eliminación desta discriminación que afecta a oito millóns e medio de traballadoras e a máis de dous mi-



Porcentaje de brecha salarial en la Unión Europea

PAÍS/ AÑO	2015	Número de días que las mujeres trabajan gratis
Italia	5,5	20
Luxemburgo	5,5	20
Rumanía	5,8	21
Bélgica	6,5	24
Polonia	7,7	28
Eslovenia	8,1	30
Chipre	14,0	51
Hungría	14,0	51
Suecia	14,0	51
Lituania	14,2	52
<b>España</b>	<b>14,9</b>	<b>54</b>
Dinamarca	15,1	55
Bulgaria	15,4	56
Francia	15,8	58
Países Bajos	16,1	59
<b>Unión Europea (28 países)</b>	<b>16,3</b>	<b>59</b>
Letonia	17,0	62
Finlandia	17,3	63
Portugal	17,8	65
Eslovaquia	19,6	72
Reino Unido	20,8	76
Austria	21,7	79
Alemania	22	80
República Checa	22,5	82
Estonia	26,9	98

llóns de mulleres que accederon xa á xubilación onde as discriminacións acrecéntanse ata o 41,90% en relación aos homes que acceden a unha pensión de xubilación. A denuncia de UGT vai acompañada de propostas concretas para a Negociación Colectiva e os Plans de Igualdade e de ferramentas que permiten eliminar ou canto menos reducir a brecha salarial entre mulleres e homes.

# O GASTO EN POLÍTICAS DE EMPREGO ESQUECE ÁS PERSOAS

Os recursos para políticas de emprego descenden un 38% entre 2010 e 2017

**Redacción.-** O grao de execución dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017 en materia de emprego demostra que os orzamentos actuais en materia de políticas de emprego seguen sendo insuficientes, profunden na desprotección das persoas, debilitan o papel dos servizos públicos de emprego e esquecen a necesidade de mellorar a empregabilidade e inserción das persoas en desemprego, a pesar da recuperación económica. UGT esixe un plan de choque polo emprego, con especial atención ás persoas con máis dificultades de inserción, políticas activas centradas na empregabilidade das persoas e servizos públicos de emprego de calidade e con persoal suficiente.

Por unha banda, a contía executada para prestacións por desemprego descende a 18.027 millóns de euros, un 6,7% menos que en 2016, nunha situación na que máis de 3,7 millóns de persoas (segundo a EPA) están en paro, a taxa de cobertura non logra subir do 59% e 5 de cada 10 desempregados leva buscando emprego máis dun ano.

Doutra banda, o orzamento destinado ás partidas de políticas activas de emprego, dótase de 5.575 millóns, un 6,36% máis que en 2016, pero cuxo ascenso non se destina a mellorar os servizos públicos de emprego. O aumento concéntrase no pago das bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social por contratación (que crece un 11,6%, ata 1.825 millóns, o que supón un terzo do conxunto de políticas activas, aumentando cada ano o seu peso no total).

## Menos recursos desde 2010

O gasto realizado revela que o Goberno segue recortando o gasto nesta materia, intensificando a precarización que estas políticas sufriron en España nos últimos anos. Un descenso que se acumula aos de anos anteriores e deriva nunha perda de recursos para políticas de emprego do 38% entre 2010 e 2017.

En 2010, con 4 millóns de desempregados, unha taxa de cobertura do 78,4% e unha cociente de paro de longa duración inferior ao 43%, o orzamento total alcanzou 38,7 millóns de euros. Agora, en 2017, con 3,4 millóns de persoas rexistradas como paradas, unha cobertura media no ano do 56% e unha taxa de desemprego de longa duración do 51%, o orzamento é só de 23,9 millóns.

Desde 2010, o descenso prodúcese tanto na partida de prestacións como nas políticas activas. E non se entende como o gasto total en políticas do mercado de tra-



ballo caía de novo en 2017, nun contexto macroeconómico marcado pola recuperación, tal e como asegura o Goberno na súa actualización do cadro macro, e dun axuste fiscal menos esixente.

## Menos gasto en prestacións por desemprego

No transcurso do ano queda probado que o orzamento de 2017 é insuficiente para atender a máis de 3,4 millóns de parados, tendo en conta que por cada desempregado rexistrado nos Servizos Públicos de Emprego van destinar ao redor de 7.000 euros, 2.535 euros menos que en 2010 (9.535 euros) e moi lonxe dos niveis europeos de referencia.

A caída do gasto total en 2017, fronte a 2016, ten a súa orixe nun menor orzamento en prestacións por desemprego, que se reducen en 1,3 millóns de euros (un -6,7%). Entre outras, descenden as partidas de prestacións contributivas (-4,9%), subsidios (-14,2%), Renda Activa de Inserción (-23,9%) e Programa de Activación para o Emprego (-20%).

Neste sentido, cabe destacar a caída do orzamento da axuda do PAE, que pasa de 350 a 280 millóns, a pesar de que, segundo mantén o Goberno, a prórroga do programa aprobada está a cubrir a máis persoas desempregadas de longa duración, debido á modificación nalgúns requisitos de acceso.

Por outra banda, créase unha partida de 500 millóns de euros destinada a axudas para mozos a través do Plan de Garantía Xuvenil e que a setembro de 2017 aínda non posúe normativa sobre a que se poida asentar este orzamento. Neste sentido, é imprescindible que o Goberno impulse xa as medidas contempladas no Acordo alcanzado polos axentes sociais e o MEYSS o 28 de setembro de 2017, no marco da mesa de

diálogo social do plan de choque polo emprego.

## Endurecemento no acceso ás prestacións

Desde UGT vimos denunciando que o criterio seguido nos orzamentos é puramente económico e baséase nunha previsión sobre a creación de emprego que peca de excesivo optimismo. Para UGT, este criterio non pode prevalecer, porque o descenso no gasto en prestacións por desemprego non só é consecuencia do menor número de persoas desempregadas (ás veces que nin sequera atopan un emprego e pasan á inactividade por efecto desánimo, sen protección), senón sobre todo do endurecemento das condicións de acceso ás prestacións, do esgotamento dos períodos de prestación contributiva pola extensión da situación de desemprego, do descenso do número de beneficiarios e tamén das menores contías medias recibidas. Factores que conduciron a unha rebaixa da taxa de cobertura, que pasou do 78,4% en 2010 ao 56% en 2017.

Para UGT, outros criterios non económicos son determinantes e céntranse na situación de desprotección das persoas. Non é coherente este orzamento cun país que, a pesar do crecemento do emprego (de peor calidade, iso si) presenta unha taxa de paro do 16,5%; con 3,7 millóns de parados (EPA).

Os últimos datos tamén sinalan que o 50,7% das persoas en paro leva máis dun ano buscando emprego (moi por encima do 42,6% do ano 2010), sendo moi elevada a incidencia das persoas que levan buscando emprego máis de dous anos (o 36,5% dos desempregados).

Con todo iso, UGT manifesta que hai si-

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

tuacións de necesidade provocadas polo desemprego, que deben ser atendidas. Que non se pode limitar exclusivamente a protexer segundo a actual normativa; e non só non debe reducirse senón que debe aumentar para dar maior cobertura. Pois hai que convencerse de que non é a mellora do emprego a que está a reducir os gastos desta partida, senón o enfraquecemento do sistema de cobertura.

Como sucedeu cos orzamentos anteriores, a cambio do descenso da partida en prestacións por desemprego incrementábase o gasto en políticas activas: cun orzamento que crece un 6,4%, ata 5.575 millóns de euros. Pero para UGT é un orzamento aínda insuficiente, lonxe do existente no ano 2010 (7.742 millóns de euros), e porque un terzo das mesmas son bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social por contratación,

partida onde se concentra o crecemento.

Por iso, trátase ademais dun orzamento desigualmente repartido. O incremento do gasto en políticas activas queda absorbido polo aumento de determinadas partidas, que teñen como destino as bonificacións para todo tipo de contratación. Non está orientado, como expón UGT, a itinerarios de inserción e a mellorar a empregabilidade das persoas, mediante a mellora dos servizos públicos de emprego, senón a subvencionar, de forma ineficiente, a contratación.

A partida de bonificacións á contratación crece un 11,67%, pasando de 1.635 millóns a 1.825, cun peso cada vez maior na contía total de políticas activas (do 33% en 2017, fronte ao 31% en 2016). A aposta do Goberno por este tipo de medidas é clara. UGT lembra que hai que avaliar estas medidas pola posible existencia de peso morto nos contratos realizados, pois poderían ser con-

tratacións que se levasen a cabo sen a axuda.

## Menos diñeiro para os servizos de emprego

Por último, para UGT é incompreensible que a partida de modernización dos servizos públicos de emprego caia un 20% e que a de gastos de persoal do Servizo Público de Emprego Estatal permaneza conxelada outro exercicio máis.

En definitiva, desde UGT vimos reclamando un plan de choque que atenda con especial atención ás persoas en desemprego con maiores dificultades de inserción, como maiores de 50 anos e novos, así como medidas de políticas activas centradas na empregabilidade das persoas e desenvolvidas a partir de servizos públicos de emprego de calidade.

## UGT DENUNCIA QUE O SENADO APROBA, CASE ÁS AGACHADAS, O CETA

**Redacción.-** O pasado venres, 27 de outubro, o Senado español aprobou o Acordo comercial entre España e Canadá (CETA). Tras pasar xa polo Parlamento Europeo, o Consello de Europa e o Congreso dos Deputados, a Cámara Alta aprobou este acordo con 157 votos favorables do PP e PNV, 60 abstencións do PSOE e 20 votos en contra de Unidos Podemos.

Nun trámite do pleno, tras o intenso e maratoniano debate sobre a aplicación do artigo 155 da Constitución en Cataluña, nun exercicio de filibusterismo político, ás costas case da poboación e os axentes sociais do noso país, aprobouse un tratado comercial que é insuficiente, con moitas incertezas legais e no que os dereitos dos traballadores seguen sen estar suficientemente protexidos.

Un acordo que representa unha perda

de soberanía, non só para España, senón tamén para o conxunto da UE, e que supoñerá a destrución, a medio prazo, de decenas de miles de postos de traballo.

O Partido Popular conseguiu que o trámite no Senado pase case desapercibido e teñamos un tratado inxusto e desigual, negociado ás costas dos cidadáns, e pensado sobre todo para preservar os intereses das grandes corporacións, baixo o precepto liberalizador da Comisión Europea.

Un acordo que non asegura os servizos públicos; que é confuso en relación ás disputas entre o investidor e o Estado; que non asegura a preservación dos estándares sociais, laborais e ambientais fronte aos mer-



cados; ou que non establece un mecanismo de sancións que castigue as infraccións laborais ou ambientais, entre outras cuestións.

Por iso, fronte ao CETA e as súas consecuencias, UGT seguirá defendendo un comercio xusto que cre riqueza e progreso de maneira igualitaria, e unhas relacións comerciais que respecten normas xustas e democráticas.

## HAI QUE NORMALIZAR A SITUACIÓN POLÍTICA EN CATALUÑA PARA NORMALIZAR A SITUACIÓN ECONÓMICA

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, agarda que "se normalice a vida política en Cataluña para normalizar tamén a situación económica. Coa convocatoria de eleccións o 21 de decembro, albíscase un debate serio e razoable, un parlamento novo e interlocutores con máis diálogo para que se acabe cun acordo que normalice a situación en Cataluña".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións tras a firma do convenio entre UGT, a ONCE e o Comité de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), onde

sinalou que "sería positivo que as empresas que cambiaron o seu domicilio social volvesen a Cataluña. Cunha convocatoria de eleccións sobre a mesa, habería que superar esta situación. As empresas están alí porque teñen traballadores cualificados para facer o seu traballo e porque teñen un medio favorable para producir e vender produtos".

Ademais, considerou que "os empregados públicos de Cataluña van cumprir coas súas obrigacións e van dar garantía dos servizos públicos fundamentais para a

poboación. En relación ao sector privado, continúa a esperanza de que sexamos capaces de reconducir a situación e atopar o inicio do proceso de diálogo".

Neste sentido, lembrou que "a situación catalá ten que ter unha solución política. O 21 de decembro os cidadáns de Cataluña poderán elixir os seus representantes no Parlamento e despois hai que buscar vías de diálogo. Este é un país que ten que entenderse con pleno respecto ás leis e aos sentimentos dos cidadáns, porque é o que a maioría da poboación quere".

## HAI QUE AUMENTAR OS SOLDOS POR ENCIMA DO NIVEL DOS PREZOS

#PonteAMil UGT reclama soldos de, polo menos, 1.000 euros, tanto na negociación colectiva como no SMI

**Redacción.-** Os datos de IPC adiantado para o mes de outubro, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que sitúa a inflación mensual no 0,9% e a taxa interanual no 1,6%, dúas décimas por abaixo da reflectida en setembro. Unha diminución debido a que os prezos dos carburantes subiron menos que en outubro de 2016. En calquera caso, haberá que observar a evolución da inflación subxacente, a que se calcula eliminando a volatilidade dos prezos de alimentos non elaborados e produtos enerxéticos, para poder coñecer a realidade dos prezos este mes.


Ao longo deste ano, os prezos mantiveron un nivel elevado respecto da evolución dos soldos: a media dos dez primeiros meses do ano sitúase en 2,1%, mentres os salarios ata o mes de setembro sitúanse no 1,4% para 6.346.495 traballadores e só o 21,1% teñen cláusula de garantía salarial.

Xunto a iso, hai que ter en conta que a escasa calidade do emprego que se crea, a curta duración dos contratos, e o mantemento sen concesións da reforma laboral, aínda que demostrou os seus efectos perniciosos sobre o emprego, non só non corrixe a dualidade, senón que colabora na extensión da inestabilidade, a precariedade e a desigualdade laboral, cunha desvalorización salarial que non fai máis que aumentar o número de traballadores pobres. Conseguir un emprego non é nin moito menos garantía de saír da pobreza.

Ademais, UGT lembra que, segundo os últimos datos do Índice de Prezos do Traballo, produciuse un intenso desplome dos soldos no período 2009-2013 e unha escasa recuperación desde 2014, cando se iniciou a senda de crecemento económico. O saldo acumulado desde 2009 ata 2015 supón unha perda de poder adquisitivo de 9 puntos.

Os organismos internacionais consideran que hai que apontoar a reactivación, a través dun maior papel da política fiscal, que aumente os ingresos públicos e a tributación dos que máis teñen, e con maior gasto público e maiores investimentos públicos en cuestións clave; e a través da xeración de máis e mellores empregos con mellores salarios. En definitiva, abandonar as políticas de austeridade e as rebaixas fiscais electoralistas, e repartir o crecemento económico de maneira xusta e equilibrada, para que a riqueza que se xera alcance aos traballadores e as súas familias.

Por iso, desde UGT seguiremos insistindo en expor, nas negociacións para un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, incrementos de soldo que



recuperen poder adquisitivo para os traballadores, con cláusulas de garantía que preserven as subidas negociadas da evolución dos prezos e un salario mínimo de convenio de, polo menos, 1.000 euros mensuais.

En canto ás rendas públicas, o sindicato reclama a recuperación do poder adquisitivo perdido polas pensións e outras prestacións públicas, unha subida de soldo para os empregados públicos que supoña recuperación de poder adquisitivo, e unha senda de incremento do SMI, de modo que alcance 1.000 euros, polo menos, en 2020.

Para UGT, resulta imprescindible aproveitar o período de crecemento para cambiar o modelo produtivo e facelo máis forte, baseado en sectores estables e de alto valor engadido. Só así poderemos encarar a recuperación con todas as garantías para as traballadoras e traballadores deste país.

## UGT DENUNCIA UN NOVO RECORTE DO GASTO SOCIAL PARA 2018

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores considera inxustificable que o Goberno pretenda dar continuidade ás políticas de axuste social que veu practicando durante o últimos cinco anos mentres fai alarde de liderado europeo en crecemento económico. Despois de tres anos consecutivos con crecementos do PIB por encima do 3%, e nun momento no que os beneficios empresariais xa están nos mesmos niveis que antes da crise, é inaceptable que as políticas orzamentarias do Goberno de España continúen escatimando recursos económicos para financiar os servizos públicos e mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

O Plan Orzamentario 2018 enviado polo Goberno a Bruxelas a mediados deste mes, prevé que o gasto das administracións públicas en sanidade descenda dúas décimas en relación co PIB respecto de 2017 (pasa de 6,0% a 5,8%), do mesmo

xeito que o orzamento de educación (pasa de 4,0% a 3,8%) ou a partida destinada a protección social (que mingua tres décimas pasando do 16,5% do PIB en 2017 a 16,2% na previsión para 2018). Unha diminución equivalente está prevista para os gastos relacionados co emprego (políticas activas e servizos públicos de emprego) que se reducen unha décima en relación co PIB (pasando do 1,9% ao 1,8%) e dúas décimas en relación co gasto total das administracións públicas (do 4,6% de 2017 ao 4,4% previsto para 2018).

Esta política orzamentaria que expón o Goberno de España non se corresponde coas necesidades dun país en que a taxa de paro é do 16,4%, a precariedade asolaga o mercado laboral, e o crecemento das desigualdades sitúan ao noso país á cabeza de Europa en niveis de pobreza. É, por tanto, a manifestación dunha formula-

ción ideolóxica que pon os recursos do Estado ao servizo de intereses distintos ao interese xeral dos cidadáns, e distintos ao mantemento das políticas e servizos públicos que permiten a cohesión, o equilibrio, e a xustiza social.

Ademais, a cicatería social do Goberno profunda a brecha que nos separa dos nosos socios europeos en canto ao gasto social. Segundo Eurostat (en 2015, último dato dispoñible), o gasto público en protección social da UE-28 foi do 19,2% sobre o PIB, o da zona euro un 20,1%, mentres que o do noso país situouse no 17,1%. O mesmo sucede co gasto en educación, que en España é seis décimas inferior ao da zona euro e sete inferior ao da UE (4,1% sobre o PIB en España, 4,7% na zona euro, e 4,9% na UE), ou co gasto sanitario que, en 2015 foi do 7,2% sobre o PIB na UE e na zona euro, mentres que en España foi do 6,2%.

# É NECESARIO UNHA REPARTICIÓN MÁIS XUSTA E EFICIENTE DO CRECEMENTO ECONÓMICO

Avance Contabilidade terceiro trimestre 2017



**Redacción.-** Para que sexa sustentable, UGT avoga por mellorar a calidade do emprego, aumentar os salarios, reforzar prestacións básicas (como o desemprego, as pensións, a dependencia ou a asistencia social), potenciar os servizos públicos esenciais, relanzar o investimento público e aumentar a competencia no tecido produtivo.

É preciso un novo contrato social que consolide unha nova fase de benestar para toda a cidadanía.

O avance de datos da Contabilidade Nacional do terceiro trimestre do ano, dado a coñecer esta semana polo INE, ratifica dúas cuestións que deben ser tidas en conta na estratexia de política económica para o próximo ano, e que deberían plasmarse na elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018:

- A primeira, que a nosa economía está inmersa nunha sólida fase expansiva, contabilizando xa 15 trimestres consecutivos nos que crece a actividade produtiva en termos anuais, os 10 últimos por encima do 3%, e que iso debe traducirse nunha repartición máis xusta e eficiente dos froitos derivados dese crecemento.

- A segunda, que a pesar do evidente desta reactivación, existen riscos derivados do esgotamento dos factores externos que empuxaron a actividade nos pasados anos (prezo do petróleo, tipo de cambio, acceso barato ao crédito), ao que se suma no curto prazo a incerteza derivada da situación política en Cataluña, polo que é necesario actuar para reforzar a demanda interna, impulsando o consumo dos fogares e o investimento público.

Segundo o avance do INE, o PIB creceu un 0,8% no terceiro trimestre do ano, unha décima menos que no trimestre anterior, co que a taxa interanual permanecería no 3,1%.

Pero España non pode resignarse a que o crecemento se reduza nos vindieros anos, como sinalan as estimacións, que apuntan a que pasará do 3,1% á contorna do 2,5% en 2018, e do 2% en 2019. Porque menor crecemento implicará menor creación de emprego, e ese é o principal déficit da nosa economía, xunto á elevada precariedade dese emprego creado. É preciso actuar para reforzar ese crecemento da actividade produtiva, e para modificar a súa composición, facéndoo máis estable e sustentable.

Para iso, é preciso actuar, polo menos, en seis frentes nos que o Goberno ten un papel decisivo:

Primeiro, mellorar a calidade do emprego, de maneira que sexa máis estable e máis produtivo. Iso implica que se derroguen as últimas reformas laborais, que só contribuíron a elevar a precariedade do emprego e a facelo menos eficiente, ademais de contribuír decisivamente a elevar a desigualdade e os niveis de pobreza e exclusión social.

Segundo, aumentar os salarios, para que as familias vexan aumentar o seu poder de compra e poidan soste o consumo de bens e servizos, e en especial os de carácter máis duradeiro. É preciso terminar coa estratexia da austeridade e a desvalorización salarial, que só trouxo sufrimento aos fogares. Ademais de trasladar esa mellora salarial á negociación colectiva, ámbito autónomo de competencia das empresas e dos representantes dos traballadores, o Goberno debe aumentar o salario dos empregados públicos de maneira adecuada, facendo que recuperen parte do poder de compra perdido desde hai anos, ademais de aumentar o salario mínimo interprofesional para achegalo aos 1.000 euros mensuais como mínimo en 2020.

Terceiro, reforzar as prestacións básicas do estado de benestar (desemprego, pen-

sións, dependencia, asistencia social), porque son rendas esenciais para garantir unha calidade de vida digna a quen peor o están pasando e a quen ten menor capacidade para soportar os vaivéns da economía, sostendo ademais o consumo de millóns de familias. En especial, é necesario poñer en marcha a Prestación de Ingresos Mínimos proposta por UGT e CCOO, e que segue inmersa no trámite parlamentario.

Cuarto, potenciar os servizos públicos esenciais, como a sanidade e a educación, non só porque son, xunto ao sistema de prestacións sociais, os grandes garantes da cohesión social do país e da igualdade de oportunidades, senón porque constitúen nichos de emprego moi importante para os próximos anos.

Quinto, relanzar o investimento público naqueles factores que máis poden axudar a cambiar o noso modelo produtivo para facelo máis sustentable e xerador de valor engadido, como son as relacionadas coa sociedade do coñecemento e a I+D+i, ademais de outorgar un maior peso ao tecido industrial.

E sexto, aumentar a competencia no tecido produtivo, e especialmente naqueles sectores estratéxicos que actualmente obtíñen cuantiosos beneficios á conta de prezos elevados para os consumidores, como o eléctrico, o de carburantes, o de telecomunicacións ou o de distribución comercial.

Todas estas medidas son fundamentais para conformar un modelo de crecemento máis robusto, eficiente e sustentable, tanto económica como social e medioambientalmente, e require dun esforzo colectivo de diálogo para que sexa froito dun consenso o máis xeneralizado posible, que facilite a construción dun novo contrato social que consolide unha nova e longa fase de benestar para toda a cidadanía.

## ADOPTAR MEDIDAS DESDE O CONSENSO PARA EQUILIBRAR A OFERTA E A DEMANDA DO EMPREGO DIXITAL

**H**ai que combater o desequilibrio entre a oferta e a demanda do emprego dixital afrontando medidas consensuadas desde o diálogo social tripartito e a negociación colectiva.

**A** Comisión Europea estima que quedarán 80.000 postos de traballo sen ocupar ata 2020.

**O** establecemento de itinerarios de formación, reconversión dixital e reciclaxe profesional dos traballadores é un investimento de futuro, non un gasto.

A demanda e a oferta do emprego dixital no noso país sofre un fortísimo desequilibrio. Así, mentres a taxa de emprego xuvenil alcanza o 36% (para menores de 25 anos; sobe ata o 50% ata os 34 anos) o 12% das grandes empresas españolas teñen verdadeiros problemas para cubrir vacantes de especialistas en TIC (datos do INE para 2016). Mentres a Comisión Europea estima que se deixarán 80.000 postos de traballo sen ocupar, ata 2020, o Foro Económico Mundial asegura que España desperdicia o 34,4% do seu talento nacional (lembremos que, en 2014, en España se graduaron 1.138 persoas en matemáticas, ciencias técnicas e informática, mentres se destruían 106.000 empregos de expertos en TIC ).


A distancia entre o que requiren as nosas empresas e o que poden ofrecer os nosos mozos en paro é tan grande que non se pode recortar por si mesma. É preciso tomar accións de consenso entre os poderes públicos non só para acurtala, senón para

facela desaparecer.

Todas as fontes alcanzan as mesmas conclusións: os postos de traballo máis demandados son aqueles relacionados con novas tecnoloxías (programación web, desenvolvedores de app, big data, cloud computing, ciberseguridade, robótica, analista e científicos de datos), pero, á hora de acudir á contratación, un 47% dos nosos mozos nin sequera poden acreditar habilidades dixitais básicas.

Para acurtar este enorme diferencial, debemos facer un enorme esforzo educativo e formativo, nos centros de educación regrada, desde a infancia ata a universidade, pasando pola Formación Profesional, pero tamén, nos centros de traballo a través do impulso da formación continua e mellorando as políticas activas de emprego, para orientar e ensinar aos desempregados a adquirir novas competencias que lles abran as portas deses postos de traballo que quedan vacantes. O necesitan as empresas, o necesitan os nosos traballadores, o necesita a nosa economía.

A única vía para que conseguir este equilibrio entre oferta e demanda pasa polo diálogo tripartito entre Goberno, empresarios e sindicatos. Que, neste escenario, o Ministerio de Emprego tirase ao lixo 580 millóns de euros reservados para a formación de traballadores é inconcebible e inaceptable (a partida destinada, en 2016, a este fin, no marco das políticas activas de emprego quedou vacante). Pero tamén hai que reprochar a actitude dos empresarios, que non facilitan nin a retención do talento nin a



súa atracción, ao ofrecer condicións laborais precarias, mal remuneradas, sen dereitos e sen alternativas para conciliar a vida laboral e familiar.

UGT considera que non todo está perdido, que é posible reverter a situación; pero só existe un camiño para logralo: a negociación colectiva e o diálogo social tripartito; cun Goberno concienciado do seu papel de promotor de emprego de calidade, exercendo o seu deber social de xestor das políticas públicas de emprego; e por suposto, con empresas que entendan que a precarización diminúe tanto a súa competitividade como a súa proxección internacional, que, en definitiva, entendan como un investimento de futuro, e non como un gasto do presente, o establecemento de itinerarios de formación, reconversión dixital e reciclaxe profesional dos seus traballadores.

O futuro da nosa economía e a nosa competitividade, pero tamén do noso modelo social, depende de pechar a distancia entre oferta e demanda de emprego dixital. UGT mostra a súa disposición absoluta e fai un chamamento claro ao Goberno e os empresarios para afrontar este debate xa.

## UGT, FUNDACIÓN ONCE E CERMI IMPULSARÁN OS DEREITOS LABORAIS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores, Fundación ONCE e o Comité Estatal de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de conseguir a plena integración e igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, especialmente en materia de dereitos laborais.

O acto da firma do documento tivo lugar no Consello Xeral da ONCE por parte de UGT, o seu secretario xeral, Pepe Álvarez; Luís Cayo Pérez Bo, presidente do CERMI; e Miguel Carballada, presidente da ONCE e a súa Fundación.

Destá forma, as tres entidades renovan o

seu apoio mutuo e coordinación en todas as accións que favorezan a igualdade de oportunidades, trato e non discriminación das persoas con discapacidade, así como intercambio de toda a información necesaria e o establecemento de liñas de actuación conxuntas.

Para Pepe Álvarez explicou que este convenio representa o compromiso de UGT para que a discapacidade sexa "parte das ocupacións importantes da acción sindical", ademais de poñer de manifesto e traballar a fondo para que todas as empresas cumpran a lei de contratación de persoas con discapacidade. "Temos que lograr que as empresas sexan responsables e logo que os cidadáns decidan

con cales quere contratar ou comprar en función do grao de compromiso social que adquiriran á hora de contratar a persoas con discapacidade", destacou.

Pola súa banda, Luís Cayo Pérez pediu que este convenio supoña "formar unha fronte social que axude a todos os traballadores e, moi especialmente, ás persoas con discapacidade para que a inclusión chegue a todos os ámbitos e, por suposto, ao ámbito laboral". O presidente da ONCE, Miguel Carballada, agradeceu o compromiso de UGT e de Cermi con este acordo e insistiu na necesidade de que se cumpra a norma de prazas de emprego reservadas para persoas con discapacidade.